

# CARIÑO

Moi agradecidas a
Salma Freire, Pablo Iriarte, Shevla
Fariña, Jose Faro, Javier Quintana,
Nerea Vaqueiro, María Crespo, Ricardo
Solveira, Beba Cayoso, Nuria Montero,
Noa Iriarte, Jose Manuel Torres, Elsa
Louro, Xavier Castiñeira, Patricia
Orozco, Encarna Fraga, Alejandra
Montemayor, Esther F. Carrodeguas,
Laura Míguez.

Escríboche esta carta
coma un intento errado de contarche todo o que sinto,
digo errado
porque non podo expresar tanto nun anaco de papel,
por iso naceu este proxecto.

Foi nesa tarde de novembro cando te coñecín.
Abríronse as portas
e alí estabas ti,
agardando.

Mirámonos aos ollos e ficamos só nós
"Invisibles", como o título daquela novela de **MONTSE FAJARDO**
que foi o noso texto orixinal.
Porque todas as historias de amor teñen un principio.

Todo isto é moi estraño sabes?
Inda parece que foi onte
cando **DIEGO CHAMIZO**
comezou a dramaturxia e dirección desta peza.

E agora eu
non atopo as verbas que describan
o fermoso que é todo isto para min,
a iluminación de **VIOLETA MARTÍNEZ**,
as butacas repletas
e o murmurio da xente que agarda
a que **GRIAL MONTES** pise as tablas e comece a súa interpretación,
co vestiario deseñado por **DAVID VILA** e
resplandecente grazas a **ALBERTE BELLO**, asistente de vestiario e caracterizador.

Pregúntome
onde vai todo o amor que nos gardamos?
e entón sen saber como atópoo todo entre bambalinas.
Contemplo a escenografía deseñada por **CARMEN CASAL** e **MARÍA TORRES** e
vexo a Sara nos movementos coreografiados por **SOFÍA RODAL**,
penso nos paxaros que hoxe saíron a voar
e sento a escribir catro frases inconexas
que falan sobre nós.

Somos como a escuma dunha onda que bate e bate
sobre as rochas
fermoso dunha maneira que ninguén máis pode entender.

Amor feroz,
amor bisonte
coma unha estampida que arrasa todo ao seu paso,
e nós aquí parados
sen medo á dor.

Querida espectadora,
prometín coidarte
pero algunhas historias de amor tamén teñen un final.
Este é o noso.

Hoxe os paxaros saíron a voar,
e nós con eles.

CON MOITO CARIÑO,
**VAIEMBORA**